

ACTA NÚMERO: 38/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 30 de novembro de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D. José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 23 de novembro de 2023 (Reunión 37/2023).*
2. *Dar conta da oferta presentada por Faro de Vigo, S.A.U. no procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, para o patrocinio dos "II premios Emilia Pardo Bazán no País das Rías". (Expte.- 2023021433).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2023042335).*
4. *Aprobación das valoracións técnicas do sobre "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1. (Expte.- 2023059055)*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes ás propostas avaliables mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1. (Expte.- 2023059055)*
6. *Aprobación das valoracións dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023058883)*
7. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023058883)*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de deseño e impartición de formación dirixido a persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, a Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais e xeración de contidos audiovisuais no marco do*



proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2023047633).

9. Aprobación da valoración dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificacións dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Expte.- 2023058559).
10. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes ás propostas avaliables mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificacións dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Expte.- 2023058559).
11. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" (Rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023062674).
12. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" (Rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023062674).
13. Aprobación das valoracións dos sobres "B" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023060336).
14. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes ás propostas avaliables mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023060336).
15. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2023060062).
16. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2023060062).

FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración por unanimidade da urxencia tratouse o seguinte asunto.

- Dar conta da oferta presentada pola Federación Española de Fútbol, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para contratación do patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino "España VS Italia" da Nations League Feminina en Pontevedra. (Expte.- 2023065706).

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto o Presidente como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 23 de novembro de 2023 (Reunión 37/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 23 de novembro de 2023 (Reunión 37/2023).

2. Dar conta da oferta presentada por Faro de Vigo, S.A.U. no procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, para o patrocinio dos "II premios Emilia Pardo Bazán no País das Rías". (Expte.- 2023021433).

Por Resolución Presidencial nº 2023008705 de data 21/11/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, do patrocinio dos II Premios "Emilia Pardo Bazán no País das Rías", cun valor máximo estimado de 80.000,00 €, IVE engadido.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (A36600815), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 21/11/2023.

A empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (A36600815), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

OFERTA ECONÓMICA:

Importe sen IVE	66.115,70 €
IVE 21%	13.884,30 €
Importe total ofertado	80.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (A36600815), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de patrocinio dos II Premios "Emilia Pardo Bazán no País das Rías".



3. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2023042335).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 27 de outubro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de novembro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.



- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- NAROM S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

4. Aprobación das valoracións técnicas do sobre “A” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1. (Expte.-2023059055).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2023007931, de data 22/10/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de outubro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 09/11/2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ós seguintes licitadores:

- INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO INFORMÁTICO EIKON, S.L. (B46596276)
- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. (B70240320)
- DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. (B93580678)
- ROBERTO CERVERÓ CIUDAD (EXCONTROL) (76017358N)

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación técnica ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíe e pondere a proposta, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores deste procedemento.



Con data 23/11/2023, o servizo de Novas Tecnoloxías emite informe (CSV: Y2DO4JBOCTC0AS33) concluíndo que o licitador DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. obtén unha puntuación total de “19,25”, e o licitador INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO INFORMÁTICO EIKON, S.L. obtén unha puntuación total de “21,25”. O licitador ExControl non obtén o 50% da puntuación máxima asinable requirida no prego administrativo para continuar no proceso, e a oferta presentada polo licitador EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. non cumpre cos requisitos mínimos recollidos nos pregos.

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido polos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, de data 23/11/2023 (CSV: Y2DO4JBOCTC0AS33), acorda:

- Propor ó organo de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, a exclusión do procedemento da empresa, EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L, por non cumprir cos requisitos mínimos recollidos nos pregos que rexen neste procedemento aberto simplificado.
 - Prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas licitadores na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1.
 - Que non se proceda á apertura do sobres “B”, correspondente a oferta avaliable mediante criterios automáticos do empresario, ROBERTO CERVERÓ CIUDAD (EXCONTROL), por non obter o 50% da puntuación máxima asinable nos criterios avaliados mediante xuízos de valor requirida no prego administrativo para continuar no proceso de licitación deste contrato.
- 5. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes ás propostas avaliadas mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1. (Expte.-2023059055).**

O Secretario informa ós asistentes das puntuacións dos sobres A acadadas polas empresas presentadas e admitidas do procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1, e que é a seguinte:



CRITERIOS	MÁXIMO	OpenGov	IDIEikon
Descrición detallada da solución	20,00	15,50	17,00
Implantación e posta en marcha	17,00	12,75	14,50
- Metodoloxía para levar a cabo a implantación	3,00	1,75	2,50
- Metodoloxía para a carga da información e posta en marcha	7,00	4,50	5,50
- Proposta de exemplo do deseño do frontal web para un concello	7,00	6,50	6,50
Formación	2,00	2,00	1,50
Transferencia tecnolóxica e de coñecemento	1,00	0,75	1,00
Xestión do servizo	5,00	3,75	4,25
Órganos de dirección	0,50	0,50	0,50
Metodoloxía de seguimento do servizo	2,00	1,25	2,00
Control de calidade	1,00	1,00	0,90
Plan de traballo	1,00	1,00	0,80
Entregables/Documentación	0,50	0,00	0,05
TOTALES	25,00	19,25	21,25

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO INFORMÁTICO EIKON, S.L. (B46596276)

1. Menor prezo ofertado:

Importe sen o IVE	36.363,63 €
IVE (21 %)	7.636,36 €
Importe total ofertado	44.000,00 €



DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. (B93580678)

1. Menor prezo ofertado:

Importe sen o IVE	34.499,00 €
IVE (21 %)	7.244,79 €
Importe total ofertado	41.743,79 €

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre “B” son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO INFORMÁTICO EIKON, S.L. (B46596276)	DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. (B93580678)
1. Menor prezo ofertado (máx 75 puntos)	61,914	75
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	61,914	75

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE “A”	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. (B93580678)	19,25	75	94,25 puntos
2ª	INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO INFORMÁTICO EIKON, S.L. (B46596276)	21,25	61,914	83,164 puntos

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dun portal de transparencia para concellos da provincia de Pontevedra, no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3, e da ORDE TER/836/2022. Liña 1, á empresa,



DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. (B93580678) que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e dacordo co seguinte detalle:

Importe sen o IVE:	34.499,00 €
IVE (21 %):	7.244,79 €
Importe total ofertado:	41.743,79 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. (B93580678) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- 3) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, DYNAMIC OPENGOV TECHNOLOGIES, S.L. (B93580678) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles, contandos dende o seguinte ó do seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos, entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 1.724,95 €
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

6. Aprobación das valoracións dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023058883).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2023008077, de data 27/10/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de outubro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 16/11/2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A",



correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ós seguintes licitadores:

- EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L. (B70240320)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accedeu á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes á documentación técnica presentada polas empresas admitidas neste procedemento.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a referida documentación ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, para que emitise informe de avaliación de conformidade cos criterios de adxudicación non automáticos establecidos nos pregos reguladores.

Con data 22/11/2023, os técnicos do servizo de Turismo Rías Baixas emiten informe (CSV: 3RMR0RXXVRM6J1GO) concluíndo o seguinte:

“La oferta presentada por EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L. está desalineada con lo requerido en el pliego, sin responder en algunos casos a lo que se solicitaba. Su baja puntuación hace que no pase el umbral mínimo exigido para que se tenga en cuenta su propuesta para la siguiente fase del proceso de licitación.”

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido polos técnicos do Servizo de Turismo Rías Baixas, de data 22/11/2023 (CSV: 3RMR0RXXVRM6J1GO), acorda:

- Prestar conformidade ás puntuacións acadada polo único licitador na valoración técnica da oferta presentada no Sobre “B”, e que son as seguintes:

Empresa Licitadora	1.- Arquitectura de la solución (hasta 5 puntos)	2.- Recursos audiovisuales (hasta 16 puntos)	3.- Diseño gráfico de la solución (hasta 13 puntos)	4.- Seguimiento y gestión del proyecto (hasta 15 puntos)	Total (ata 49 puntos)
EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L	1	4	2	9	16

- Propor ó organo de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, a exclusión do procedemento da empresa, EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L., por non obter o 50% da puntuación máxima asinable nos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor requerida no prego administrativo para continuar no proceso de licitación deste contrato, así como que se declare deserto o procedemento aberto convocado



para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino.

7. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023058883).*

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día con motivo de que a Mesa de Contratación acordou propor ó organo de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, a exclusión do procedemento da empresa, EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L., por non obter o 50% da puntuación máxima asinable nos criterios avaliables mediante xuízos de valor requerida no prego administrativo para continuar no proceso de licitación deste contrato, así como que se declare deserto o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino.

8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de deseño e impartición de formación dirixido a persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, a Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais e xeración de contidos audiovisuais no marco do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2023047633).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 10 de novembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais e lles permita a xeración de contidos audiovisuais e facilite a súa relación coas administracións públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito da súa vida cotiá, no marco do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data



10/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres “A” , a Mesa de Contratación comproba que as empresas presentadas están inscritas no Registro Oficial de licitadores y empresas clasificadas del Sector Público (Rolece) e/ou no Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e que achegan a documentación administrativa segundo se especifica no PCAP polo que acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

Lote 1

- Fundación Cibervoluntarios (CIF G84410158)
- Magnafor Qualitas SL CIF B36565679
- Norformación SL CIF B36343218
- Estudios Rafer SL CIF B27239136
- NT for learning SL CIF B15549413

Lote 2

- Gestión del conocimiento SA (CIF A61302196)
- Cinfo Contenidos informativos personalizados SL B15.757.941
- Dicampus SL CIF B-33.872.094

2. Trasladar a documentación técnica correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



9. Aprobación da valoración dos sobres “A” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificacións dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Expte.- 2023058559).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación número 2023007758 de data 13/10/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética das instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións de uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos da Cañiza e a Illa de Arousa, dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000).

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/10/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 2/11/2023, procede á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:

- Ingeniería solar y geotérmica S.L (B-27881895)

Na mesma sesión do 2/11/2023, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica ao persoal técnico do servizo de Cooperación cos Municipios, para que avalíe e pondere a proposta, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores deste procedemento.



Con data 15/11/2023, o Enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, emite informe (csv: RH6KMBKO6TV8SZMK) no que conclúe que a empresa licitadora, Ingeniería solar y Geotérmica S.L. obtén unha puntuación total de “19” puntos, chegando a alcanzar o mínimo esixido do 50% da puntuación máxima asinable segundo o PCA para poder continuar no proceso selectivo.

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido polo Enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 15/11/2023 (csv: RH6KMBKO6TV8SZMK), acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polo licitador, Ingeniería Solar y Geotérmica S.L. (B-27881895) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato, así como proceder á apertura do sobre B, correspondente ás ofertas avaliadas mediante criterios automáticos.

10. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes ás propostas avaliadas mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificacións dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Expte.- 2023058559).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa Ingeniería Solar y Geotérmica S.L. (B27881895) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato de “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética das instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións de uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos da Cañiza e a Illa de Arousa, dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000).*”, e que é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACION SOBRE “A”
Ingeniería solar y geotérmica S.L.(B27881895)	19

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

- Ingeniería Solar y Geotérmica S.L.(B27881895)

1.Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE proxecto 1 A Cañiza	9.443,20€
Importe sen o IVE proxecto 2 Illa de Arousa	7.340,80€
IVE (21 %):	3.524,64 €
Importe total ofertado:	20.308,64 €

2.-Experiencia do técnico redactor en elaboración de proxectos de instalacións de xeneración térmica renovable ou redes de calor e ou frío, a maiores de mínimo esixido no prego de cláusulas administrativas.

Número de proxectos a maiores do mínimo: -

3.- Experiencia do técnico redactor en supervisión de traballos en instalacións de xeneración térmica renovable ou redes de calor e ou frío, a maiores de mínimo esixido no prego de cláusulas administrativas.

Número de proxectos a maiores do mínimo: -

A puntuación obtida na valoración dos criterios do sobre “B” é a seguinte:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Ingeniería Solar y Geotérmica S.L.
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 35 puntos.	17,50
2. Experiencia do técnico redactor en elaboración de proxectos de instalacións de xeneración térmica renovable ou redes de calor e ou frío, a maiores de mínimo esixido no prego de cláusulas administrativas	0,00
3. Experiencia do técnico redactor en supervisión de traballos en instalacións de xeneración térmica renovable ou redes de calor e ou frío, a maiores de mínimo esixido no prego de cláusulas administrativas	0,00
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	17,50

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación da oferta presentada ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para



a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética das instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións de uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos da Cañiza e a Illa de Arousa, dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	INGENIERIA SOLAR Y GEOTERMICA S.L.	19	17,50	36,50

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética das instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións de uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos da Cañiza e a Illa de Arousa, dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000", á empresa, *Ingeniería Solar y Geotérmica S.L.* que acada a puntuación de 36,50 puntos, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa *Ingeniería solar y geotérmica S.L. (NIF:B-27881895)* figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- 3) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, *Ingeniería solar y geotérmica S.L. (NIF:B-27881895)* mediante comunicación electrónica para que no prazo de **7 días hábiles** contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa:
- A constitución dunha garantía definitiva por importe de 839,2 euros.
 - Anexo III. Declaración de ausencia de conflito de interese (DACI)
 - Anexo IV Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación Transformación e resiliencia (PRTR)
 - Anexo V Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do PRTR.
 - Acreditar a solvencia económico, financeira, técnica e profesional.
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



11. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" (Rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023062674).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023008409 de data 08/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 09/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ao devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:

- ROI DIGITAL BUSINESS S.L. (B-27808666)



12. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" (Rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023062674).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023008409 de data 08/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do Servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 09/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de novembro de 2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- ROI DIGITAL BUSINESS S.L. (B-27808666)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada do sobre "B" que presenta a empresa admitida, ao persoal técnico do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



13. Aprobación das valoracións dos sobres “B” correspondentes aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023060336).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 27/10/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 23/11/2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G) Lote 2
- ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332) Lote 1

A Mesa de Contratación na reunión do día 23/11/2023 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliábles mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Promoción de Emprego, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do Servizo de Promoción de Emprego, D. Manuel Corujo Castro, con data 28/11/2023, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: ARGMJYC68C6XFLBM), figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Lote 1: Illas ecolóxicas



Tras a análise da oferta técnica presentada pola empresa ALQUI-ENVAS, S.L., e unha vez valorada a mesma, o xefe do servizo de Promoción de Empregoe Desenvolvemento Local observa que a empresa incumpre algunhas especificación técnicas descritas no PPT, e informa que *“Tendo en conta que os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares revisten carácter contractual, o incumprimento dunha das características esenciais establecidas nos mesmos, que obrigatoriamente debía cumprirse, imposibilitan que valoremos os criterios que dependen dun xuízo de valor da oferta presentada pola empresa ALQUIENVAS, S.L.”*

Empresas Licitadoras	1. Concreción e calidade técnica dos contedores, ata un máximo de 15 puntos.	2. Concreción e calidade técnica dos paneis informativos, ata un máximo de 5 puntos.	3. Aspectos ambientais dos contedores, paneis informativos e xardineiras, ata un máximo de 4 puntos.	4. Concreción e calidade técnica das xardineiras, ata un máximo de 3 puntos.	5. Imaxe e estética global dos contedores, paneis informativos e xardineiras, ata un máximo de 3 puntos.	Total (ata 30 puntos)
ALQUI-ENVAS, S.L.	--	--	--	--	--	--

Lote 2: Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais

Criterios de valoración mediante xuízo de valor	Puntos RAQUEL GARCÍA
1. Concreción e calidade técnica, ata un máximo de 19 puntos. <u>Este criterio avaliarase de conformidade cos seguintes apartados:</u>	13
– Descrición pormenorizada do subministro, ata un máximo de 4 puntos.	2
– Calidade e espesor do material utilizado, ata un máximo de 4 puntos.	3
– Robustez do conxunto, ata un máximo de 4 puntos.	3
– Deseño da boca de aportación e sistemas anti-hurto, ata un máximo de 4 puntos	3
– Deseño e acabados, ata un máximo de 3 puntos.	2
2. Aspectos ambientais dos dispositivos, ata un máximo de 6 puntos.	0
3. Imaxe e estética global dos dispositivos, ata un máximo de 5 puntos.	4
Puntuación total	17

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido polo Xefe do servizo de Promoción de Emprego, con data 30/11/2023, acorda:

1. Prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresas admitida no procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da



actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

2. Propor ó órgano de contratación a exclusión da oferta presentada para o Lote 1 pola empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332) por non axustarse ós pregos que rexen esta licitación.

14. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes ás propostas avaliadas mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023060336).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas nos dous lotes do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e que son as seguintes:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G) (Lote 2)	17

A Mesa de Contratación na sesión de data 30/11/2023 propón ao órgano de contratación a exclusión da oferta da empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332) para optar á adjudicación do lote número 1 deste procedemento aberto por non axustarse ós pregos que rexen esta licitación.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "C" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para contratación da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea –



NextGenerationEU” e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (15 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G) (Lote 2)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	31.950,00 €
IVE (21 %):	6709,50 €
Importe total ofertado:	38.659,50 €

2. Número de garantía a maiores do mínimo esixido (36 meses): 60 meses

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

15. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2023060062).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 10/11/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954)
- Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203)

16. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2023060062).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 10/11/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión do Centro de Acolida ao Visitante no Castelo de Soutomaior. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 30/11/2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954)
- Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas



actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración por unanimidade da urxencia por parte dos membros da Mesa de Contratación, tratouse o seguinte asunto:

- ***Dar conta da oferta presentada pola Federación Española de Fútbol, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para contratación do patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino “España VS Italia” da Nations League Feminina en Pontevedra. (Expte.- 2023065706).***

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 17/11/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino “España VS Italia” da Nations League Feminina en Pontevedra, cun valor máximo estimado de 205.750,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa Federación Española de Fútbol (Q28780171), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 17/11/2023.

A Federación Española de Fútbol (Q28780171), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

OFERTA ECONÓMICA:

Importe sen IVE	170.041,32 €
IVE 21%	35.708,68 €



Importe total ofertado	205.750,00 €
------------------------	--------------

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Federación Española de Fútbol (Q28780171), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino “España VS Italia” da Nations League Feminina en Pontevedra.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

